



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE), PARA O FINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DIRIXIDOS A PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN E DAS ENTIDADES FEDERADAS PARA O EXERCICIO 2025

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

#### **DECLARA:**

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa **Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realice FEGADACE dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade FEGADACE aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2025 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Que o obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade dos gastos de persoal e gastos correntes de FEGADACE e das súas entidades asociadas para o exercicio 2025 así como doutros gastos da mesma natureza derivados da execución dos programas de atención a persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias que FEGADACE ten previsto desenvolver durante o ano 2025, co fin de procurar acadar a máxima recuperación funcional e autonomía desde todas as dimensións de calidade de vida da persoal e familiar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia .

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril , polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de





Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdad, que concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

